

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 7 de xullo de 2021

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 07/07/2021
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 07/07/2021
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Información proporcionada polo Reitor na sesión do Claustro do 28 de xuño sobre os resultados das enquisas realizadas a alumnado de 1º e 2º de Bacharelato, persoas egresadas, PDI, alumnado e PAS do centro en relación co traslado de certas titulacións do campus das Lagoas Marcosende ao campus de Vigo cidade.
- V. Calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
- VI. Guías Docentes das Titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:
 - a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. V09G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (plan novo)
 - c. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - d. V09G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (plan novo)
 - e. V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
- VII. Documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola: Anexos 1 e 6 do Manual de Calidade

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria, celebrada o 25 de maio de 2021.**

O borrador da acta enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. Informe da Directora

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. Aprobación, se procede, do calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2021-2022.

A Directora lembra que na sesión anterior deixóuse pendente facer unha revisión máis a fondo do calendario de exames delegando a súa aprobación na Comisión Permanente. Como non houbo ningunha sesión da comisión, tráese de novo á xunta de centro. A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación Organización Académica, que lembra a problemática detectada no calendario de exames e sinala os acordos consensuados coa Delegación de Alumnado (Anexo V). A moso os calendarios, explica os códigos de cores e sinala as dificultades atopadas na convocatoria extraordinaria de xullo. Lembra que na convocatoria fin de carreira a táboa está valeira porque a planificación se fará en canto se dispoña dos datos de matrícula, co compromiso de publicala e difundila. Sinala que a asignación de espazos é provisional xa que está pendente duns axustes; publicarase en canto estea resolto.

M. Carmen Romo traslada a suxestión de Jesús García de que se teña en conta no inicio dos exames da convocatoria de xullo que o centro non abre ata as 9h.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta.

A Directora agradece a María Araújo e a Delegación de Alumnado o traballo realizado.

4. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2020-2021.

A Directora lembra que para cada grao coexisten dous plans de estudos: o plan novo e o plan en extinción. A novidade no próximo curso é a implantación do segundo curso dos plans novos dos graos, polo que as guías das materias correspondentes parten de cero e moitas delas teñen cambios importantes de contidos.

A continuación cede a palabra as persoas coordinadoras das titulacións para que expoñan as súas valoracións das guías docentes, recollidas no Anexo VI, e do proceso de elaboración e supervisión das mesmas.

María Araújo, coordinadora do Grao ERME, sinala que nas guías das materias de 3º e 4º dos plans vellos dos dous graos case que non houbo cambios e a meirande parte consistiron no axuste da planificación á PDA.

En canto aos plans novos dos dous graos, comenta que nas materias de 1º houbo poucas modificacións, sobre todo para o axuste da planificación á PDA, e sinala que o traballo se centrou nas materias de 2º nas que se partiu de cero e se puxo especial atención na correspondencia de contidos coas memorias de verificación das titulacións. Non houbo problemas importantes. Agradece ao profesorado a súa disposición e colaboración e a adaptación das horas B a prácticas de laboratorios.

Francisco Deive, coordinador do GEE, dar grazas a María Araújo pola súa axuda e supervisión na súa primeira experiencia supervisando o proceso de elaboración das guías docentes.

A Directora sinala que na guía das titulacións en DOCNET incluíuse o apartado novo **Avaliación**. O motivo é que na última versión do regulamento de estudantes da Universidade de Vigo (DOG Núm. 97, Mércores, 26 de maio de 2021), no artigo 3.10, se indica que o estudiantado ten dereito “a ser avaliado en réxime de avaliación continua, dispoñendo como alternativa de probas de avaliación global en todas as materias e oportunidades de avaliación do curso académico”.

A Presidenta aclara que se fixeron consultas á Vicerreitoría de Captación de Estudiantado, Alumnado e Extensión Universitaria sobre a avaliación global e continua e sistema de cualificación. Desde a Vicerreitoría trasladouse que está pendente de elaboración un regulamento de avaliación e cualificación e que o marco normativo non está claro. Como o marco non está totalmente definido nin claro dabondo, decidiuse non incluílo na sección avaliación de cada guía docente se non habilitar un procedemento básico e flexible de renuncia á avaliación continua por parte do alumnado e incluílo na guía da titulación. Amosa o texto recollido en DOCNET e o comenta, salientando o establecemento dun prazo mínimo de 3 semanas desde o comezo das clases para comunicar a decisión de renuncia á avaliación continua en cada materia.

A Directora sinala o caso especial da guía docente de Tecnoloxía ambiental. Trátase dunha materia nova de segundo curso de ambos os graos, cun cambio de contidos importante, e que está asignada en POD unicamente a un profesor que non pode realizar a tarefa de elaboración da mesma por cuestións administrativas, sendo ademais o único profesor da área. Desde a dirección realizouse unha consulta a Asesoría Xurídica sobre como proceder. Recibiuse a resposta da Asesoría Xurídica no que se conclúe que: *“No presente caso,, trátase dunha eventualidade non prevista na normativa, polo que entendemos que se trata dun aspecto organizativo, ao que deberá darse resposta desde o órgano competente (parece que en principio a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, ou a COAP dentro das súas facultades de elaboración das normas complementarias da normativa, segundo a súa Disposición Final), ben indicando se procede unha adaptación dos prazos, ben indicando quen debe encargarse da elaboración, etc...”*

Recibido o informe de Asesoría Xurídica, que deu traslado do mesmo tamén á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, a dirección do centro púxose en contacto coa á Vicerreitoría para consultar como proceder. Desde a Vicerreitoría indicouse que se trasladase desde o centro unha proposta de guía docente, recollendo o procedemento de elaboración, e a proposta sería valorada pola COAP.

Decidiuse solicitar ao departamento responsable da impartición da materia unha proposta de guía para empezar a traballar. O departamento fixo unha proposta de configuración inicial da materia, axustada a ficha da materia na memoria de verificación, e a directora do centro e os coordinadores dos dous graos revisaron a proposta e fixeron algúns axustes, que é a proposta que se trae á Comisión de Calidade para súa valoración. Se se aproba a guía pola Comisión de Calidade e Xunta de Escola, enviarase a COAP para que dea o visto bo.

A Directora agradece a Teresa Rivas e Fernando García a súa colaboración neste proceso, como directora e secretario, respectivamente, do Departamento responsable da impartición da materia.

Eduardo Liz fai unha consulta sobre unha errata no nome da materia Álgebra Liñal nas guías en castelán; Francisco Deive respóndelle que xa está solucionado.

En relación ás guías docentes do máster a Directora sinala que o ano que ven a Escola vai solicitar o selo EURACE, referente de calidade europeo que xa teñen algunhas enxeñarías da UVIGO, para a titulación de Máster. Entre outras cousas, vaise valorar que as guías docentes reflicten de maneira expresa que se traballan determinados contidos, competencias ou resultados de aprendizaxe. Por elo suxeriuse ao PDI que, se traballa nas aulas contidos ou resultados de aprendizaxe destes tipos, o indicaran expresamente nas guías, co obxecto de recoller de forma máis precisa o que se está a facer, mantendo a correspondencia coa ficha da materia na memoria de verificación.

A continuación cede a palabra a Guillermo García, coordinador de primeiro curso do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, responsable da revisión das guías docentes de esta titulación coa colaboración da anterior responsable, Teresa Rivas. Este comenta que o proceso de revisión das guías docentes das materias do máster se centrou na supervisión das incorporacións de contidos ou resultados de aprendizaxe relacionados co selo EURACE, na adecuación dos sistemas de avaliación e no axuste da planificación das materias á PDA. Agradece a colaboración de todo o profesorado e traslada a felicitación e agradecemento de Teresa Rivas, enlace de Igualdade do centro, ao PDI que introduciu cuestións de perspectiva de xénero nas súas guías.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as guías docentes das tres titulacións.

A Directora agradece o traballo realizado polas persoas coordinadoras dos graos e do máster: María Araújo, Francisco Deive, Guillermo García e Teresa Rivas.

5. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora cede a palabra a Guillermo García, Coordinador de Calidade do centro, quen lembra que a documentación relativa a este punto da orde do día foi enviada aos membros da Xunta de Escola por email (Anexo VII) e informa que se trata de actualizar os dous anexos do manual de calidade que recollen os procedementos en vigor, trala aprobación na sesión anterior do novo procedemento de calidade *DO-0203 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo*.

- Anexo 1. Lista de procedementos en vigor
- Anexo 6. Mapa de Procesos.

A Xunta de Escola aproba por asentimento os dous anexos.

13. Rogos e preguntas.

Javier Vijande comenta que as tardes dos venres lles veñen ben para facer exames, pero que, segundo o calendario escolar do centro celébrase o festivo de Santa Bárbara en venres. Propón trasladar a celebración de Santa Bárbara para o 7 de decembro. A directora recolle o rogo para valoralo cando se elabore o calendario do curso que vén, porque neste xa está aprobado o calendario e feita toda a planificación das ensinanzas neste marco. María Araújo precisa que a normativa indica que as festividades dos centros teñen que realizase en venres ou luns se non coinciden nestes días. A directora sinala que, en calquera caso, pódese valorar para o curso que ven e trasladar a proposta á Secretaría Xeral, se a Xunta de Escola así o valora.

Por último, agradece á asistencia e desexa un bo verán.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 17 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a sete de xullo de dous mil vinte e un.

Vº e Prace

A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 07/07/2021

Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o mércores, 7 de xullo de 2021, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda.

A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e trataranse os seguintes puntos na orde do día:

- 1) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria, celebrada o 25 de maio de 2021.
- 2) Informe da Directora.
- 3) Aprobación, se procede, do calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2021-2022.
- 4) Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2021-2022.
- 5) Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 6) Rogos e preguntas.

Vigo, 30 de xuño de 2021

O Secretario
Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa contrasinal 1DLD6QsL (eLe-De-ELe-De-6-Que-ese-ELe) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 07/07/2021

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 07/07/2021

Persoal Docente e Investigador

1. Alejano Monge, Leandro
2. Alonso Prieto, Elena
3. Araújo Fernández, María
4. Cabeza Simó, Marta
5. Conde Fontenla, Marcos
6. Deive Herva, Francisco Javier
7. Domínguez Santiago, Ángeles
8. Eguía Oller, Pablo
9. Feijoo Lorenzo, Andrés Elías
10. García Bastante, Fernando
11. García Lomba, Guillermo
12. Giráldez Pérez, Eduardo
13. González Rodríguez, Elena
14. Liz Marzán, Eduardo
15. Mandado Vázquez, Alfonso Modesto
16. Patiño Vilas, David
17. Pozo Antonio, José Santiago
18. Rodríguez Liñares, Leandro
19. Rodríguez Rodríguez, Ana María
20. Taboada Castro, Javier
21. Vázquez Dorrión, José Benito
22. Vijande López, Javier
23. Villanueva Torres, Daniel

Alumnado

24. Alonso Rodríguez, Noelia
25. Andrés Herguedas, Laura
26. Ansedo Vilas, Miguel
27. Bastos Recarey, Pedro
28. Caride Pérez, Marta María
29. Casal Barreiro, Alejandro
30. Cuñado Juncal, Iago
31. Domínguez Blanco, Santiago
32. Montenegro Vázquez, Iván
33. Parente Artime, Belén

Persoal de Administración e Servizos

34. Romo Pérez, M^a del Carmen

Desculparon a súa ausencia:

- Filgueira Sánchez, Carmen
- Rivas Brea, Teresa

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Información proporcionada polo Reitor na sesión do Claustro do 28 de xuño sobre os resultados das enquisas realizadas a alumnado de 1º e 2º de Bacharelato, persoas egresadas, PDI, alumnado e PAS do centro en relación co traslado de certas titulacións do campus das Lagoas Marcosende ao campus de Vigo cidade

ANEXO V

Calendario de exames das titulacións impartidas na
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

ANEXO VI

Guías Docentes das Titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:

- a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. V09G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (plan novo)
- c. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- d. V09G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (plan novo)
- e. V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

ANEXO VII

Documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola:

Anexos 1 e 6 do Manual de Calidade